

CONVOCATORIA ASSEMBLEA XERAL ORDINARIA 2019

O Presidente de ESPAZOCOOP, previo acordo do Consello Reitor procede a convocar a Asemblea Xeral Ordinaria da Unión de Cooperativas ESPAZOCOOP, o **mércores 5 de xuño de 2019** en **Santiago de Compostela**, no Hotel **Hotel Los Abetos** (Calle San Lázaro, s/n, 15820 Santiago de Compostela). Sendo a primeira convocatoria ás **09:30 h.** e a segunda ás **10:00 h.**

Orde do Día:

1. Informe de xestión e económico do exercicio 2018.

Preséntanse a memoria de xestión e actividades desenvolvidas e as contas anuais do 2018 da entidade.

Darase lectura ao informe de auditoría de contas da entidade.

2. Aprobación, se procede, do informe de xestión e das contas anuais e da distribución de resultados do exercicio 2018.

En base aos puntos anteriores, someterase a votación a aprobación o informe de xestión e das contas e do destino do resultado existente, da entidade.

3. Presentación, debate e aprobación, se procede, do Plan de xestión, para o exercicio 2019: actuacións e orzamento.

Presentaranse, para o seu acordo, as actividades que pensamos que debe abordar ESPAZOCOOP ao longo de 2019, así como o proxecto de orzamentos para o ano 2019.

4. Modificación do artigo 30 dos Estatutos sociais, que regula a composición do Consello Reitor

Proposta de ampliación do número de membros do Consello Reitor así como adaptación á linguaxe non sexista.

5. Elección do Consello Reitor

Trala dimisión do actual Consello Reitor, elixírase un novo Consello, entre as candidaturas presentadas.

6. Cotas de socias e custo dos servizos para o exercicio.

Aprobación no seu caso das cotas de socias e custo dos servizos para o exercicio.

7. Aprobación, se procede, da constitución formal e estatutos do Foro pola Economía Social de Galicia.

Como proceso de consolidación do Foro, creado en 2017.

8. Elección das persoas que asinarán o acta.

Xunto co presidente e secretario da asemblea.

9. Rogos e preguntas.

A continuación levarase a cabo un [acto de homenaxe as cooperativas veteranas de Espazocoop cunha vida de máis de 30 anos](#). Hora prevista de remate 12:00 horas

Santiago de Compostela, a 16 de maio de 2019.


Asdo Celsa Gándara Carreira
Presidente de Espazocoop

Importante: Como o pasado ano, imos celebrar as nosas Asembleas na mesma data e lugar e con actividades conxuntas co resto de entidades representativas que forman parte do Foro pola Economía Social Galega (AGACA, CEGASAL, AEIGA). As actividades conxuntas comezarán a partir das 12:00 coa presentación **Xornada: Galicia – Rexión amiga da Economía Social**. A continuación, durante o xantar compartido, que se desenvolverá de 14:30 a 16:00 h., levarase a cabo unha actividade de networking que permitirá o intercambio de contactos entre as entidades e persoas participantes. A partir das 16:00 terán lugar actividades lúdicas e un relatorio relacionado coa Economía Social (farase chegar programa definitivo de actos previstos)

Os estatutos Sociais de ESPAZOCOOP, establecen que:

Artigo 10.- Dereito de información

6.- Cando na orde do día da Asemblea Xeral se contemple a presentación e deliberación sobre as contas do exercicio económico, deberanse publicar no enderezo social da Unión, desde o día da convocatoria da Asemblea ata a celebración da mesma, os seguintes documentos: **o balanço, a conta de perdas e ganancias, a memoria e a proposta de distribución de excedentes e destino dos beneficios extracooperativos ou da imputación das perdas, así como o informe da auditoría externa**, se é o caso.

As cooperativas asociadas poderán consultar e solicitar aclaracións e explicacións ó Consello Reitor sobre estas informacións, sempre que se faga cando menos con cinco días hábiles de antelación á celebración da Asemblea. As cuestións serán contestadas polo Consello Reitor na Asemblea Xeral.

Artigo 19.- Natureza e composición.

A Asemblea Xeral, constituída validamente, é a reunión dos representantes de cada unha das cooperativas asociadas para deliberar sobre a política xeral da Unión (...). É, polo tanto, o órgano supremo de expresión da vontade social. O acordos da Asemblea Xeral, obrigan a todas as cooperativas asociadas, incluídas as disidentes e as que non participaran na reunión.

Representarán ás cooperativas, na Asemblea Xeral, a persoa que ostenta a Presidencia do Consello Reitor ou a persoa libremente designada ao efecto por cada cooperativa.

Artigo 24.- Dereito de voto

1.- Cada **cooperativa asociada terá un voto** na asemblea xeral da Unión.

2.- Para exercer o dereito a voto, a cooperativa deberá acreditar que está ao corrente no pago das cotas, o trinta e un de decembro do exercicio anterior.

Artigo 42.- Imputación de perdas.

As perdas resultantes do balance de peche de cada exercicio económico anual, levaranse contra o remanente existente e de non existir, a unha conta de resultados pendentes de aplicación, para a súa amortización en exercicios positivos futuros.

O LUGAR DE CELEBRACIÓN

Hotel Los Abetos (Calle San Lázaro, s/n, 15820 Santiago de Compostela).

Ubicación Maps: <https://goo.gl/maps/xtQwHBh2fy4YoCvF9>

